


# NORMAS COMEDOR



Todos aqueles **alumnos e alumnas que empreguen o servizo de comedor do IES de Ribadeo Dionisio Gamallo** durante o curso 2020-2021, deben ter en conta unha serie de **normas** previstas no Plan de Adaptación á situación Covid.

1.- **A entrada será gradual**, co seguinte horario:

- **13:45** - 1º ESO      - **13:50** - 2ª ESO
- **13:55** - 3º ESO      - **14:00** - 4º ESO

2.- O alumnado **accederá ó comedor de forma ordenada**, de un en un, hixienizando as mans e identificándose co **número de usuario** ó responsable da empresa que presta o servizo.

3.- Unha vez dentro do comedor, **dirixirase ó seu posto**, que será **fixo e estará identificado** co seu número na mampara. Sentarase e **agardará coa máscara posta a ser servido polo persoal de cociña**. Unha vez servido, quitará a máscara gardándoa no estoxo e comezará a comer. No caso de querer repetir, levantará a man e será servido novamente na mesa.

4.- Cando **remate de comer**, poñerá a máscara e **agardará para saír tamén gradualmente**. Non se poderá saír antes da hora indicada para cada grupo.

- **14:10** - 1º ESO                      - **14:15** - 2º ESO
- **14:20** - 3º ESO                      - **14:25** - 4º ESO

5.- A saída será ordenada e tras **hixienizar as mans, dirixiranse á zona do patio asignada para cada grupo**, co fin de non mesturarse.

- **1º ESO – Zona 1 Comedor:** Patio exterior tras despachos  
(se chove, metade dereita ximnasio)
- **2º ESO – Zona 2:** Canastras de arriba  
( se chove, patio de columnas)
- **3º ESO – Zona 3:** Metade dereita patio exterior  
(se chove, metade esquerda do ximnasio)
- **4º ESO – Zona 4:** Metade esquerda patio exterior  
(se chove, corredor cafetería)

6.- Ás **14:25**, serán acompañados ata o autobús polas coidadoras do comedor, debendo manter a orde e sempre coas máscaras postas.

7.- Tódolos alumnos e alumnas **deben ser respectuosos con todo o persoal da comunidade educativa:** compañeiros/as, coidadoras, cociñeiras, profesores/as porque en caso contrario poderán ser sancionados. O non respecto ás normas de convivencia e limpeza pode supor a inmediata expulsión.

8.- Tódolos alumnos e alumnas deben ser **especialmente coidadosos coas mamparas**, posto que son **elementos de protección** e en cada unha delas está indicado o número do comensal.

9.- Pídese a tódolos alumnos e alumnas que recorden **mastigar ben e darlle unha oportunidade a comidas ás que non están afeitos** sen negarse a probalas sequera e non malgastar a comida recordando o afortunados que somos por tela.

10.- As **ausencias** ó comedor comunicaranse **antes das 10 da mañá** chamando á **conserxería**.

11.- Segundo as instrucións da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Educación, **o alumnado que falte tres días ó comedor sen comunicar a ausencia, será privado do dereito de uso deste servizo durante 10 días.**

